

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 31 DE OUTUBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Trinta e un de Outubro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 24/10/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/367

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/10/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PLAN DE TRABAJO, PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD, Y DEL PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS DE LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU (PRTR)"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/411

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/10/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR LAS OBRAS DE "MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO MAMOA-LAXES""

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Francisco Cazador Serafín

Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín**, de data 25/10/2024 (Registro de entrada nº 26.535), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2024, no exterior do cemiterio parroquial de Frións (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Francisco Cazador Serafín** para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2024, no exterior do cemiterio parroquial de Frións (Carreira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 29/10/2024 (Registro de entrada nº 26.797), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas), os días 2, 9, 16, 23 e 30/11/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira), ao carón do establecemento Xoiería Nespereira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas), os días 2, 9, 16, 23 e 30/11/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira), ao carón do establecemento Xoiería Nespereira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24093 25.09.2024 BALBINA OUJO GONZÁLEZ, impermeabilización-pintura de fachadas, na rúa Barbanza, nº 17, Ribeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20094 07.08.2024 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA DO TOXO, 3-5, reparación de fachada principal con máquina elevadora, na rúa do Toxo, nºs 3-5, P1-P2, Ribeira.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24753 03.10.2024 ELISA PETROVICH DÍAZ, peche de finca, no lugar de Couso, Aguiño.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23357 18.09.2024 MANOLA FERNÁNDEZ BLANCO, pintar fachada, na rúa do Peñón, 21, Palmeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

25008 04.10.2024 JUAN ANDRÉS DIOS MILLARES, apertura de oco para porta de 2 metros, na rúa Carlos Casares, nº 2, baixo, Ribeira.



11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Esperanza Valiño Silva

Visto o escrito presentado por **Esperanza Valiño Silva**, de data 13/09/2024 (Registro de entrada nº 22.882), no que solicita certificación urbanística en relación á innecesiedade de segregación en relación á parcela con refª catastral nº 15074A04200074 no que respecta á superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo Rústico de Protección Forestal con refª catastral nº 15074A042000740000KU e da superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo de Núcleo Rural B con refª catastral nº 15074A042000740001LI e sita no lugar de Bretal nº 263, Polígono 42, Parcela 74, Ribeira.

Tendo en conta as seguintes

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMEIRO.- A parcela con refª catastral nº 15074A04200074, , clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, publicado no B.O.P. o día 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. o día 20 de marzo de 2003, no que respecta á superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo Rústico de Protección Forestal con refª catastral nº 15074A042000740000KU e da superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo de Núcleo Rural B con refª catastral nº 15074A042000740001LI.

SEGUNDO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

TERCEIRO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesiedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 06/11/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/11/2024 10:23:46



c) **O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.**

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

CUARTO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

QUINTO.- O artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

SEXTO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exigible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).



b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) **O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).**

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicárase o disposto na lexislación estatal vixente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dña Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

Visto canto antecede, así como o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/10/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** informar ao/á solicitante como segue:

Polo anteriormente exposto visto o artigo 150.6.c) da LSG e o artigo 368.6.c) do RLSG, **infórmase favorablemente a incesariedade da licenza de segregación** da parcela con refª catastral nº 15074A04200074, no que respecta á superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo Rústico de Protección Forestal, con refª catastral nº 15074A042000740000KU, e da superficie da parcela clasificada no PXOM como Solo de Núcleo Rural B, con refª catastral nº 15074A042000740001LI, e sita no lugar de Bretal nº 263, Polígono 42, Parcela 74, Ribeira.

12.- LICENZA DE SEGREGACIÓN-AGRUPACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: TERESA SAMPEDRO LARANGA. LUGAR: INSUELA, nº 15, PALMEIRA, RIBEIRA

VISTOS os escritos presentados por por **Dña. Teresa Sampedro Laranga**, rexistrados de entrada os **días 4 e 18 de outubro de 2024**, (rexistados de entrada nº 25.030 e 26.092), mediante os que solicita **licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas** con refª catastral nº 15074A00700859 - 15074A00700860 e sitas no lugar de **Insuela nº 15, Palmeira, Ribeira**, achegando **Proxecto de segregación e agrupación** de parcelas redactado polo arquitecto D. Manuel Jesús Domínguez Rodríguez (col. nº 4.916) asinado dixitalmente o día **17 de outubro de 2024**, e presentado no rexistro xeral o día 18 de outubro de 2024, (Rexistro de entrada nº 26092) así como **Proforma de Escritura de Segregación e Agrupación de Parcelas**, presentado no rexistro xeral o día **4 de outubro de 2024**, (Rexistro de entrada nº 25.030).

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **22 de outubro de 2024**.

VISTA a acta e plano de cesión asinado pola enxeñeira municipal o día **10 de outubro de 2024** en relación á superficie de **81,00 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.



VISTO o contrato de cesión asinado por Dna. Teresa Sampedro Laranga e D. Joaquín Antonio Pérez Rial o día 24 de outubro de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **81,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **25 de outubro de 2024**.

VISTO o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data **25 de outubro de 2024**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.1. RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA E SOLO URBANO CONSOLIDADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna.Teresa Sampedro Laranga a **LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS (Nº 11/24)** con refª catastral nº 15074A00700859 - 15074A00700860 e sitas no lugar de Insuela nº 15, Palmeira, Ribeiranos termos do **Proxecto de segregación e posterior agrupación de parcelas** redactado polo arquitecto D. Manuel Jesús Domínguez Rodríguez (col. nº 4.916) asinado dixitalmente o día **17 de outubro de 2024**, e presentado no rexistro xeral o día 18 de outubro de 2024, (Rexistro de entrada nº 26092) así como **Proforma de Escritura de Segregación e Agrupación de Parcelas**, presentado no rexistro xeral o día **4 de outubro de 2024**, (Rexistro de entrada nº 25.030):

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado por Dna. Teresa Sampedro Laranga e D. Joaquín Antonio Pérez Rial, o día 24 de outubro de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de **81,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a LUZ LÓPEZ AGUIÓN POLAS LESIÓNS SUFRIDAS COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA RÚA MANZANARES. EXPEDIENTE 2023 RESP000016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a LUZ LÓPEZ AGUIÓN**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 12 de febreiro de 2023, D^a M^a Luz López Aguión, con DNI número 33.251.113-J, ía camiñando pola Rúa Manzanares, parroquia e municipio de Ribeira, cando, á altura do bar PK2, sufriu unha caída ó tropezar cunha táboa de madeira existente na citada rúa.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. López Aguión tivo que ser atendida no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron policontusións e fractura de osos propios.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/03/2023 co número 2023 00005733, D^a M^a Luz López Aguión, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando o abono dunha indemnización total de 40.000 euros, mais os xuros que legalmente correspondan.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de servizo nº 6354 realizado pola Policía Local.
- Informe emitido na data 03/12/2023 pola Policía Local.
- Informe emitido na data 13/05/2024 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte da reclamante. Si consta escrito de alegacións da



entidade aseguradora do Concello de Ribeira, Mapfre, concluíndo a inexistencia de culpa imputable ó Concello na caída sufrida pola Sra. López Aguión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 06/11/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/11/2024 10:23:46



Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. M^a Luz López Aguión para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 12/02/2023 cando camiñada pola Rúa Manzanares, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “*infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “*pavimentación de vías públicas urbanas*”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. López Aguión. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións coa existencia dun obstáculo na rúa Manzanares pola que transitaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira, no parte de servizo número 6354 realizado na data do accidente, dispón: *“Se hace constar que en la Rúa Manzanares a la altura del Bar PK2 se encuentra la persona A en la que observamos que tiene daños en la nariz y en un dedo de la mano derecha. Que la persona A manifiesta lo siguiente “bajaba la calle desde el bar Enigma cuando a la altura del bar PK2 me siento sorprendida por un obstáculo que no había visto en el suelo, tropezándome siendo dañada por la caída al golpearme con el obstáculo en la cara y en la mano”. Preguntada si observó la madera manifiesta “No vi nada, si es cierto que vi unos conos situados a lo lejos por donde está el bar Vallhand pero esta madera no la vi”.*

Que en el lugar los agentes inspeccionaron el lugar del siniestro apreciando que si existe un obstáculo en la vía siendo este un tablón de madera, que dicho tablón pudiera estar colocado sobre una loseta de granito recientemente reparada. Que es cierto que no existe ningún cono o elemento retroiluminado que pueda ser observado en las horas nocturnas del suceso, que se localiza a lo largo de la calle Manzanares que se están



realizando obras en el pavimento, así como, que ese tipo de tablón se encuentra en otras zonas señalizado con balizas o conos..”

- A Policía Local, en informe solicitado pola instrución, ditado na data 03/12/2023, afirma que:
 - “(…)
 - a. Que los agentes tuvieron conocimiento de los hechos in situ (rúa Manzanares) realizando el control de horarios de los establecimientos y por requerimiento de la persona afectada se realizó parte de servicio 6354.
 - b. Que la calle en esas fechas estuvo siendo sometida a arreglos por parte del Concello de Ribeira no estando en el lugar ningún responsable de la empresa.
 - c. Que en el lugar no existía ningún elemento que señalara las obras e incluso que fuera retroiluminado por ser una calle de afluencia de noche, que incluso había otras tablas que si estaban señaladas por conos.
 - d. Que la calle si estaba perfectamente iluminada.
 - e. Que la tabla podía ser no vista al ser de noche.
 - f. Que la calle se encuentra señalizada como Rúa Residencial circulando por ella sólo los usuarios de los garajes (…)”

- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente, e respecto ás características da rúa e ao seu estado na data da caída a enxeñeira municipal en informe realizado na data 13/05/2024 dispón o seguinte:

“(…) b) Características: Es una calle peatonal, limitando la circulación de vehículos a aquellos que están autorizados, bien para acceder a los garajes de la citada calle o bien para llevar mercancía o prestar otros servicios a los establecimientos comerciales y hosteleros de la calle. El pavimento es relativamente nuevo, y está en buen estado. Como se puede apreciar en las fotografías que se adjuntan a este informe, es un combinado de hormigón y piedra. Se conforma unha hilera de piedra a cada lado de la calle en sentido longitudinal y hormigón en la parte central con losas de piedra intercaladas. Tiene un ancho aproximado de 5 metros y está suficientemente iluminada a través de farolas de un tipo u otro, no existiendo una distancia superior a 25/30 metros entre un punto de luz y el siguiente. La calle no cuenta con mobiliario urbano, tipo bancos, macetas ornamentales, arbolado, etc, como existen en otras calles, y que pueda disminuir o limitar la zona destinada a su tránsito, por lo que cuenta con margen suficiente para transitar por la misma sin ningún tipo de problema.

(…) d) Estado del lugar de la caída: En las fechas próximas a la fecha de la caída (12/02/2023), operarios de la unidad de mantenimiento de infraestructuras del departamento de obras públicas estuvieron realizando arreglos en la calle Manzanares, consistentes en fijar varias losas de piedra que estaban sueltas. Para la realización de estas reparaciones se colocaron señales de la obra al comienzo de la calle, y se balizaron con conos aquellas losetas que se arreglaron y que están situadas en el arcén de la calle. Las losetas que están situadas en la parte central de la calle y que fueron objeto de reparación, se cubrieron con una plancha de madera de 3 centímetros de espesor que va atornillada al suelo para proteger el solado mientras



termina de repararse y al mismo tiempo para que puedan pasar los vehículos de los residentes, ya que, de poner conos encima de las losetas que están en la zona central de la calle, habría que cortarla al tráfico rodado. Las planchas de madera utilizadas para el arreglo de las calles no pueden considerarse un obstáculo como tal, sino que son elementos/materiales empleados en las obras de reparación y mantenimiento de las mismas, con unas dimensiones de 50 centímetros de ancho y de 1 o 2 metros de largo. La tabla de madera utilizada para el arreglo de la calle Manzanares y en la que supuestamente tropezó la Sra. López Aguión, era perfectamente visible, incluso en horas nocturnas, ya que se trataba de una plancha de madera de 2 metros de largo por 50 centímetros de ancho (la tabla en cuestión puede apreciarse en el informe fotográfico del parte de servicio nº 6354 elaborado por la Policía Local que consta en el expediente), y la calle Manzanares está perfectamente iluminada como se puede apreciar en las fotografías adjuntas, en las que se ven las farolas existentes y la distancia aproximada entre ellas. (...)".

- Na instrución do expediente resolveuse practicar proba testemuñal, librando oficio á reclamante co fin de que si existían testemuñas do sucedido, facilitase os datos precisos para a súa citación no período probatorio legalmente establecido de trinta días. O citado oficio foi notificado á interesada na data 14/02/2024, segundo consta no acuse de recibo da practica da notificación, sen que aquela manifestase nada ó respecto.
- Así mesmo, na instrución do expediente resolveuse practicar proba pericial, librando oficio á reclamante con fin de que, no período probatorio legalmente establecido de trinta días, achegara os informes médicos que acreditan os días invertidos na súa curación, así como as secuelas no caso de as houber. O citado oficio foi notificado á interesada na data 14/02/2024, segundo consta no acuse de recibo da práctica da notificación, sen que aquela achegara documentación algunha.

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións:

- Que do actuado no expediente non resulta probado que a caída da interesada tivera lugar no punto e da maneira que ela referiu, xa que non hai constancia de que alguén presenciase o suceso, sendo así que a carga da proba da conexión causal do dano co funcionamento do servizo público corresponde á parte reclamante.
- Que a rúa Manzanares é unha rúa peonil, suficientemente ampla para o tránsito dos peóns, e ben iluminada por medio de farolas.
- Que a rúa Manzanares na data do accidente (12/02/2023) estaba sendo obxecto de reparacións consistentes en fixar as lousas de pedra que estaban soltas.
- Que na rúa advertiuse, mediante as correspondentes sinais, das obras que se estaban a realizar. A este respecto, mesmo a Sra. López Aguión recoñece que viu uns conos situados na rúa, tal e como se recolle no parte de servizo realizado pola Policía local na data do accidente.
- Que as táboas utilizadas nas reparacións das lousas non son obstáculos como tal, senón elementos empregados nas citadas obras cunha



determinada función, e que se sinalizan con conos ou balizas, agás as da parte central da rúa para non entorpecer a circulación dos vehículos dos residentes.

- Que a táboa coa que supostamente tropezou a reclamante era perfectamente visible, non so polas súas dimensións, senón tamén pola boa iluminación da rúa.
- Que a reclamante tiña que ser coñecedora dabondo da situación da rúa por ter o seu domicilio habitual na mesma.

Sentado o anterior, hai que partir da regra xeral, segundo o cal é esixible ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é quebrada, por introducirse, neste caso, un elemento estraño na relación xurídica controvertida, cal é o da culpa de vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establece de modo reiterado o Consello de Estado e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo.

No presente caso resulta que o estado da rúa Manzanares, como consecuencia das reparacións que se estaban a realizar, era evidente e manifesto, pois existían sinais indicativas das obras que exteriorizaban a existencia das mesmas, alertando ós peóns dilixentes sobre o risco para a seguridade que a deambulación pola zona podía producir, e, en calquera caso, habilitando á exaltación da dilixencia debida a aplicar dado o estado da rúa.

A este respecto, e en base ás conclusións extraídas da fase de instrución do expediente, enténdese que é a actuación da reclamante, que se conduciu con falta de atención suficiente ante a advertida presenza de obras na rúa, a desencadenante do suceso, conduta sen a cal non pode entenderse que a caída se tivera producido. E tal modo de actuación apreciase no presente caso o suficientemente relevante como para erixirse na única circunstancia determinante dos danos polos que se reclama.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/09/2024, e Visto o certificado do Dictame (Nº CCG 332/2024) adoptado en sentido favorable a esta administración polo Consello Consultivo de Galicia, de data 23/10/2024 (Rexistrado de saída en data 23/10/2024 co nº 2024/204), **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **Dª Mª Luz López Aguión**, polas lesións sufridas por mor dunha caída ocorrida na data 12/02/2023, polos motivos e fundamentos antes expostos.
- Dar traslado copia deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia para o seu coñecemento.

14.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha” (Ribeira), de data 25/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.560), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 02/11/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Varela Rodríguez, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 02/11/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

15.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – MUSEO MUNICIPAL RIBEIRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal, Antía Alberte Maneiro, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2025” (**Programa FO216/2025**), da Deputación Provincial da Coruña segundo as bases publicadas no BOP nº 198, de data 14/10/2025).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda de **20.000,00 €** para o “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2025”, – **Museo Municipal de Ribeira**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luís Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa



Seguridade Social.

- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

16.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO FESTIVO – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Vistos os escritos presentados por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira**, de data 28/10/2024 (Rexistros de entrada nº 26.635 e 26.648), no que solicita autorización para a celebración dunha festa (Dj, grupo musical, barras portátiles, carros de comida) o día 10/05/2025, en horario de 12:00 h. a 05:30 h., na finca situada fronte ao polideportivo municipal “Alcalde Torres Colomer” (Palmeira); así mesmo solicita reforzo de contedores RSU, servizo de limpeza para o día seguinte e corte de rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha festa (Dj, grupo musical, barras portátiles, carros de comida) o día 10/05/2025, en horario de 12:00 h. a 05:30 h., na finca situada fronte ao polideportivo municipal “Alcalde Torres Colomer” (Palmeira).
- Prestar a colaboración municipal con reforzo de contedores RSU, servizo de limpeza para o día seguinte, mesa e cadeiras e corte de rúa.
- Deberán solicitar acometida de auga se o considerasen como servizo necesario.
- Deberán contar coas debidas medidas de seguridade para a celebración do citado evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

17.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – CONSERVATORIO

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, relativa ás *as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2025* (BOP núm. 198, de 14 de outubro de 2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio de Música Profesional Enrique Paisal por importe de 25.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de persoal.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luís Antonio Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda, ase como facultalo para a presentación telemática da mesma e da sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se



inclúen.

- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

18.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA O OUTORGAMENTO DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS. AÑO 2023

Vista a **proposta** de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 28/10/2024, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas individuais que destacaron na súa faceta competitiva durante o ano 2023, para apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/10/2024.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas individuais que destacaron na súa faceta competitiva durante o ano 2023

19.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA CLUBS DEPORTIVOS. EJERCICIO 2024

Vista a **proposta** de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal peón, de data 28/10/2024, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de subvencións para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2024 polos Clubes Deportivos do Concello de Ribeira.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/10/2024.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de subvencións para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2024 polos Clubes Deportivos do Concello de Ribeira.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Peón González (LIVERPOOL)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Peón González** en representación do



establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 28/10/2024 (Registro de entrada nº 26.700), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 2, 7, 14, 15, 21, 23, 28 e 30/11/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Peón González, para **UN MÁXIMO DE 6 EVENTOS/ANO** no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), en horario de 21:00 h. a 00:00 h., polo que **DEBERÁ ELIXIR O EVENTOS QUE DESEXE CELEBRAR ENTRE OS SOLICITADOS E COMUNICAR DITAS DATAS Á POLICÍA LOCAL.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Liverpool Music Club” (Ribeira) (**Fernando Peón González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*



CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

21.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO GASTRONÓMICO - Fernando Peón González (LIVERPOOL)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Peón González** en representación do establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 28/10/2024 (Registro de entrada nº 26.701), no que solicita permiso para a celebración dun evento gastronómico (paella e castañas) no exterior (terraza) do establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), o día 02/11/2024, en horario de 20:00 h. a 22:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun evento gastronómico (paella e castañas) no exterior (terraza) do establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), o día 02/11/2024, en horario de 20:00 h. a 22:30 h.
- Deberá respectar o libre tránsito de peóns e gardar as preceptivas medidas de seguridade.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



22.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.Y.D.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 29/10/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.Y.D.**, mediante escrito de data 20/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.541).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 22/10/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a M.Y.D. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **295,33 €** (180,00 € en concepto de alugueiro e 115,33 € en concepto de subministrados).

23.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE SINALIZACIÓN VIARIA EN AVENIDA DAS CAROLINAS (RIBEIRA)

Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Policía Local, de data 29/10/2024, relativo á modificación da sinalización horizontal e vertical por dificultades de manobra de acceso a garaxe con vao permanente situado en Avenida das Carolinas, nº 4, Baixo (Ribeira), e no que informa:

“Constando certificación de acuerdo de Junta de Gobierno por la que se concede Licencia Municipal de Vado Permanente para entrada y salida de vehículos en Paseo Carolinas nº 4 bajo de Ribeira. Habiéndose realizado la obra civil correspondiente de rebaje de la acera y señalizado horizontalmente mediante línea amarilla longitudinal continua complementaria a placa de vado con la inscripción del número de licencia.

En las dependencias de la Jefatura de la Policía Local, se han puesto de manifiesto las dificultades que están teniendo los vehículos en la práctica diaria de entrada y salida al interior del garaje.

Inspeccionado el lugar y las maniobras a realizar, se comprueba en primer lugar que los vehículos que acceden son furgonetas de grandes dimensiones y en segundo lugar la configuración de los estacionamientos ubicados a ambos lados del portal de entrada (en semi-batería en oblicuo), la cual impide en algunos casos el acceso a dicho garaje.”

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a modificación da sinalización horizontal e vertical, mediante a creación dun estacionamento destinado a motocicletas e ciclomotores, co fin de garantir a seguridade das manobras de acceso a garaxe con vao permanente situado en Avenida das Carolinas, nº 4, Baixo (Ribeira), segundo o contido do citado informe policial.

24.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Miriam Paz Ramallo (A ILLA)

VISTO o escrito presentado por **Miriam Paz Ramallo** en representación do establecemento hostaleiro “Bar A Illa” (Aguíño), de data 29/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.789), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar A Illa” (Aguíño), os días 1, 2, 3, 8, 9, 10, 15, 16, 17, 22, 23, 24, 29 e 30/11/2024, en horario de 21:00 h. a 01:30 h.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Miriam Paz Ramallo nzález, para UN MÁXIMO DE 6 EVENTOS/ANO no establecemento hostaleiro “Bar A Illa” (Aguíño), en horario de 21:00 h. a 01:30 h., polo que **DEBERÁ ELIXIR O EVENTOS QUE DESEXE CELEBRAR ENTRE OS SOLICITADOS E COMUNICAR DITAS DATAS Á POLICÍA LOCAL.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar A Illa” (Aguíño) (Miriam Paz Ramallo), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

25.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE BANDEIROLAS – Mulleres en Acción da Barbanza

Visto o escrito presentado por Alicia Tafur López en representación de **Mulleres en Acción da Barbanza**, de data 29/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.767), no que solicita autorización para a instalación de bandeirolas con lemas contra a violencia machista, o día 25/11/2024, en diferentes lugares de Ribeira, así como nas diferentes parroquias do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación de bandeirolas con lemas contra a violencia machista, o día 25/11/2024, en diferentes lugares de Ribeira (Padín, Porta do Sol, Praza de Compostela, Rotonda da Serea, Malecón), así como nas diferentes parroquias do concello.
- A instalación das bandeiroras deberá ser polo solicitante.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

